

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 17.04.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 42407 (10/POC-006635)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da presenza do galego na Administración de xustiza e as medidas que prevé levar a cabo para incrementar o seu uso como lingua oficial neste ámbito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 1.2 42899 (10/POC-006746)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre a valoración da posta en marcha da sede xudicial electrónica
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 409, do 11.01.2019
- 1.3 46747 (10/POC-007443)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre os datos da Xunta de Galicia referidos á adicción ao xogo na mocidade, as medidas desenvolvidas e as actuacións que está a levar a cabo para a súa prevención
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019
- 1.4 47243 (10/POC-007505)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a proposta dun partido político de eliminar a lingua galega da función pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 44622 (10/PNC-003583)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

- 2.2 45454 (10/PNC-003656)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
 coa execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 2.3 45708 (10/PNC-003676)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
 Sobre a creación pola Xunta de Galicia da institución pública da Valedora
 da Igualdade
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 2.4 46944 (10/PNC-003780)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
 Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego, durante o ano 2019,
 dun plan integral de formación dos empregados públicos autonómicos en
 materia de prevención e control da corrupción
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil

P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira

P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo

S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Isabel Novo Fariña

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Carmen Santos Queiruga

EM

Luis Villares Naveira

EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42407(10/POC-006635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da presenza do galego na Administración de xustiza e as medidas que prevé levar a cabo para incrementar o seu uso como lingua oficial neste ámbito

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:02:49
Nº Rexistro: 42407
Data envío: 03/01/2019 12:02:49.661

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, outros territorios do Estado establecéronse plans e medidas que permitiron avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización do uso do galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 03/01/2019 12:02:49

Nº Rexistro: 42407

Data envío: 03/01/2019 12:02:49.661

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado as función de dinamización e normalización.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego na administración de xustiza, cales son as causas destas situación e que medidas prevé levar a cabo para incrementar o seu uso como lingua oficial neste ámbito?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



CSV REXISTRO-TQMysaia-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:02:49
Nº Rexistro: 42407
Data envío: 03/01/2019 12:02:49.661

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:02:01

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:02:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:02:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:02:08

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:02:09

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:02:11

CSV REXISTRO-TQMysal-9
Vinculo
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42899(10/POC-006746)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre a valoración da posta en marcha da sede xudicial
electrónica

Publicación iniciativa vía urxencia, 409, 11.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42899
Data envío: 09/01/2019 17:09:26.334

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre este tema.

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia vén amosando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, que se ten traducido, entre outras melloras, nunha importante modernización tecnolóxica, que nos últimos anos ten transformado a actividade cotiá dos xulgados galegos.

A implantación de novas tecnoloxías e solucións informáticas, ten permitido poñer en marcha a sede xudicial electrónica, e así, centralizar os procedementos e servizos das oficinas xudiciais galegas, facilitando o acceso as mesmas e a relación entre a Administración de xustiza, a cidadanía e os/as profesionais, en condicións de seguridade.

A presentación electrónica de escritos, a consulta do estado dos expedientes, ou a obtención de información sobre procedementos e formularios, son algúns dos servizos que a implantación da sede electrónica xudicial proporciona aos cidadáns e aos profesionais e operadores xudiciais.

En particular, no programa electoral co que o PPdeG obtivo a confianza maioritaria dos galegos o pasado setembro de 2016 esta aposta sobre as novas tecnoloxías na xustiza concretábase cun compromiso específico: “ posta en marcha da sede xudicial

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 42899
Data envío: 09/01/2019 17:09:26.334

electrónica, que servirá como canle de comunicación electrónica segura da Administración de Xustiza cos cidadáns e os profesionais ”.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

Que resultados ten dado ata o de agora a posta en marcha da sede xudicial electrónica como canle de comunicación electrónica segura da Administración de Xustiza coa cidadanía e os/as profesionais?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 09/01/2019 17:05:45

César Manuel Fernández Gil na data 09/01/2019 17:06:03

Jacobo Moreira Ferro na data 09/01/2019 17:06:08

María Isabel Novo Fariña na data 09/01/2019 17:06:24

Antonio Mouriño Villar na data 09/01/2019 17:06:36

Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2019 17:06:48

Paula Prado Del Río na data 09/01/2019 17:06:57

Diego Calvo Pouso na data 09/01/2019 17:07:07



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46747(10/POC-007443)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre os datos da Xunta de Galicia referidos á adicción ao xogo na mocidade, as medidas desenvolvidas e as actuacións que está a levar a cabo para a súa prevención

Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46747
Data envío: 22/02/2019 14:27:33.579



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª**.

Na introdución do documento da *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024* (ENA) afirmase que dito informe “configurase como un documento participativo e de consenso, acordado entre tódalas Administracións Públicas, as organizacións non gobernamentais do sector, as sociedades científicas, os centros de investigación, e todas aquelas instancias públicas e privadas que forma parte do Plan Nacional sobre Drogas”. “O resultado é un documento de consenso entre numerosas partes interesadas que se ofrece como o marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccións que se levan a cabo nos ámbitos do conxunto do Estado español, das Administracións Autonómicas e das entidades locais, e que serve de referencia, así mesmo, para as actividades desenvolvidas polas entidades sociais”. Desta maneira, faise explícito que a ENA non atinxe unicamente ao Goberno central, senón que os gobernos autonómicos – e, entre eles, a Xunta de Galicia– teñen a obriga de asumila, executala e avaliala coa finalidade de alcanzar os seus obxectivos.

Porén, é patente que nin o Goberno do Estado nin a Xunta de Galicia se están tomando en serio os riscos que supón o xogo e non están adoptando as medidas oportunas para atallalos. Isto non está sucedendo, en gran medida, porque se confía no propio auto-control dos operadores de xogo. Non fai falla subliñar que, tendo en conta o lucrativa que é a industria do azar para as empresas do sector, a





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46747
Data envío: 22/02/2019 14:27:33.579





confianza na súa medida é, no mellor dos casos, inxenua. No peor, é cómplice dunha mala praxe que condena á miseria a miles de familias.

O volume do negocio das apostas é de auténtica vertixe. Segundo un informe elaborado pola Universidade Carlos III de Madrid e Codere –unha empresa multinacional española do sector do xogo privado–, os españois xogaron 9.408 millóns de euros de xogo real (cantidade xogada menos os premios) en 2017, encadeando tres anos consecutivos de crecemento e medrando un 8% respecto ao 2015. En particular, o negocio das apostas deportivas –un dos que máis creceu dentro do sector nos últimos anos–, leva medrando a un ritmo regular do 20% anual dende o 2012, aínda que no ano 2016-2017 creceu “tan so” o 17,4%. As apostas deportivas pasaron, deste xeito, de mover 304,3 millóns de euros de xogo real en 2012 a 742 millóns de euros en 2017. A cifra multiplicouse por case 2,5 en seis anos. 305 millóns foron xogados en apostas online, 330 millóns en apostas presenciais, 100 millóns na Quiniela e o Quinigol de SELAE, e 7 millóns nas apostas dos hipódromos.

Ninguén pode pensar que unha industria en constante crecemento que move semellante cantidade de cartos vai auto-controlarse pola mera razón de que os gobernos apelen a súa boa vontade. Son precisas medidas concretas e contundentes que permitan prever e tratar a adicción ao xogo.

As políticas reguladoras do xogo terían que ter moi en conta á mocidade. Nun artigo sobre a frecuencia de xogo en menores de idade, Mariano Chóliz e Juan Lamas advirten de que o “feito de que os menores de idade poidan xogar sen dificultade a este tipo de xogos é especialmente preocupante no que atinxe á adicción, por varios motivos. En primeiro lugar porque máquinas tragaperras e xogo online son xogos potencialmente máis adictivos. (...). Por outro lado, a adolescencia é un período de especial vulnerabilidade para calquera tipo de







Da mesma cuestión advírtese tamén na *Estratexia Nacional sobre Adicións 2017-2024*: “A ampla oferta de (vídeo) xogos e a publicidade intensa nos medios e espazos deportivos e estratexias de marketing agresivas, principalmente dedicada aos máis mozos, das apostas deportivas e xogos online e de aposta, contribuíron a un aumento no número de persoas con problemas de adición ao xogo e a un cambio dos perfís dos xogadores, especialmente online (máis mozos, maior nivel de estudos e, sorprendentemente, maior número de mulleres mozas con problemas de xogo de aposta a través de internet)”.

Así, cómpre artellar unha estratexia política concreta para prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade, algo que a Xunta de Galicia non está a facer, como demostra a actual dispoñibilidade e a accesibilidade dos xogos de azar.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Carmen Santos Queiruga


Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2019 14:18:00

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 14:18:17

Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2019 14:18:23



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47243(10/POC-007505)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a proposta dun partido político de eliminar a lingua
galega da función pública

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:36:46
Nº Rexistro: 47243
Data envío: 04/03/2019 17:36:46.561



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª**.

O PP anuncia na súa páxina web oficial unha serie de medidas en relación ás linguas cooficiais do Estado que suporía un retroceso dos dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.

O candidato á Presidencia do Goberno polo PP anunciou que, de estar no Goberno, aprobaría unha “lei para regular o uso do castelán como lingua vehicular no ensino, xunto ás cooficiais, e que sería obrigatoria en todas as comunicacións públicas da Administración, así como no emprego público e na sinalización urbana e interurbana”.

O Presidente do PP reiterou que “en el entorno administrativo todas las comunicaciones públicas han de ser obligatoriamente en castellano, así como en otra lengua cooficial en las comunidades autónomas que la tengan. Con ello, ha advertido que ningún español podrá ser sancionado si no se le comunica dicho acto administrativo en castellano.”

E, con relación ao emprego público, o PP sinala que propón que o acceso á función pública se realice obrigatoriedade en castelán, de xeito que a lingua cooficial sería simplemente un mérito, pero non un requisito.

Dita proposta contraviría a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma e da súa Administración e que, polo tanto, a cidadanía





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 17:36:46
Nº Rexistro: 47243
Data envío: 04/03/2019 17:36:46.561



terá dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:

1. Non considera a Xunta un ataque ás súas leis e institucións a proposta do PP de eliminar o galego da Función Pública?
2. Vai a Xunta permitir, de ser o caso, que se aproben regulacións que recorten os dereitos da cidadanía galegofalante nas súas relacións coa Administración?
3. Está de acordo a Xunta en que o PP queira recortar disposicións da Lei de Normalización Lingüística de Galicia?
4. Ata cando vai permitir a Xunta ataques á lingua propia de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 04/03/2019 17:36:10

Luis Villares Naveira na data 04/03/2019 17:36:17

CSV: 5A8U4K0U2
Vfscddr
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 44622(10/PNC-003583)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas
unidades xudiciais en Galicia

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 18:24:20
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 24/01/2019 18:24:20.586

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos:

A finais do pasado ano, o Goberno da Xunta de Galicia remitiu ao Ministerio de Xustiza a proposta acadada no seo da Comisión Mixta (Xunta de Galicia-Tribunal Superior de Xustiza) para a creación de novos xulgados neste ano 2019.

Para adoptar as decisións oportunas, é imprescindible a debida coordinación entre o Goberno autonómico e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que como máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia teñen unha ampla visión das necesidades reais, da evolución dos asuntos e de datos obxectivos e estruturais de cargas de traballo, máis alá de percepcións particulares o situacións conxunturais.

Así, a Comisión Mixta considerou a creación inescusable de tres novos xulgados do social, concretamente –e en orde alfabética- os que serán o Xulgado do Social Nº. 4 de Lugo, o Xulgado do Social Nº. 4 de Santiago de Compostela e o Xulgado do Social Nº. 6 de Vigo.

Máis aló do número inicial de unidades asignadas polo Ministerio de Xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia para a programación do desenvolvemento da planta xudicial correspondente ao ano 2019, que o Ministerio fixou en 3, o Goberno da Xunta de Galicia comunicoulle ao Ministerio a disposición da Comunidade Autónoma a poñer en marcha máis unidades a maiores das asignadas, ao poñer de manifesto a Comisión Mixta a existencia de concretas necesidades para o caso de que fose factible a ampliación do número de unidades.

Ante a recente modificación do proxecto de orzamentos do Estado ampliando o número de prazas xudiciais, e dada a dispoñibilidade amosada pola Comunidade Autónoma para asumir máis das 3 unidades inicialmente asignadas polo Ministerio de Xustiza, cómpre instar ao Ministerio de Xustiza a creación de novas unidades xudiciais moi necesarias acordadas pola Comisión Mixta.

CSM-REXISTRO-IJUNIKI-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 18:24:20
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 24/01/2019 18:24:20.586

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Xustiza ampliar con cargo á nova programación 2019 a creación de novas unidades xudiciais en Galicia que, de xeito consensuado, propoña a Comisión Mixta en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 18:18:09

Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 18:18:23

Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2019 18:18:43

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 18:19:17

María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 18:19:31

Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 18:22:57

María Julia Rodriguez Barreira na data 24/01/2019 18:23:14

César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 18:23:28



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 45454(10/PNC-003656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
en relación coa execución do Plan de infraestruturas
xudiciais 2010-2015

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:00:27
Nº Rexistro: 45454
Data envío: 05/02/2019 17:00:27,448

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 (investimento de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009, indicándose que se trataba dun borrador que debería ser levado, logo da súa remisión aos sindicatos e axentes do sector, para a súa aprobación definitiva. Descoñecemos por que nunca foi publicado no Diario Oficial de Galicia.

No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma.

O 17 de febreiro do 2017, o director xeral de Xustiza respondía a unha pregunta do Grupo Popular para informar sobre o PIX e dicía que Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía non tiñan os edificios previstos pola Xunta de Galicia, así como que se executara nun 90 % (das 64 actuacións previstas, 58 executadas ou en execución, o que supoñía un investimento de 75 millóns de euros).

Non obstante, o documento do PIX remitido a este grupo parlamentario recolle as seguintes contías globais:

- 1ª Fase (2010-2013): 75.729.000 de euros.
- 2ª Fase (2013-2015): 16.400.000 de euros.
- Obras menores: 3.199.173 de euros.
- Obras novas oficinas: 2.350.000 de euros.

TOTAL: 97.678.173 de euros.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM: REXISTRO-XSZWZSMW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:00:27
Nº Rexistro: 45454
Data envío: 05/02/2019 17:00:27.448

As obras non se acometeron directamente pola consellería competente na materia, senón que esta consignaba unhas partidas orzamentarias moi escasas e a execución do PIX encomendouse, inicialmente, á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SEPI), co que tales investimentos tiveron carácter extra-orzamentario, polo que a información e o control, que só se poden seguir a través das memorias orzamentarias desta empresa pública, son moi xerais e imprecisas. Tanto é así que nas rendicións anuais de contas dos anos de encargo do PIX por parte da SEPI non se ofrece detalle algún dos investimentos realmente realizados. Só como exemplos, dos preto de 49 millóns de euros consignados entre os anos 2014 a 2017 para investimentos en infraestruturas xudiciais deixáronse de executar 22,5 millóns de euros, unha porcentaxe do 46 % do total. E con respecto ao ano 2018, a finais dese ano teríase realizado un 70 % dun plan programado para realizar ata o 2015, estando pendente aínda hoxe, logo de catro anos do seu remate, en torno ao 30 % do gasto restante.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao Plan de infraestruturas xudiciais (PIX) 2010-2015, a:

1. Cumprir na súa totalidade, antes do remate da actual lexislatura, o dito PIX, executando todas as actuacións de nova construción ou gran reforma e todas as de rehabilitación e mantemento que contén aquel.
2. Co fin de que a información e o control da execución do PIX sexan precisos, se rendan contas ao final de cada período de sesións pola Consellería de Xustiza respecto dos encargos da Consellería de Xustiza á SEPI e dos investimentos realmente realizados.

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2019 14:09:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/02/2019 14:09:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2019 14:09:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO-XSzwZSMW-7
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:00:27
Nº Rexistro: 45454
Data envío: 05/02/2019 17:00:27.448

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2019 14:09:33



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 45708(10/PNC-003676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia da institución pública
da Valedora da Igualdade

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:01:51
Nº Rexistro: 45708
Data envío: 07/02/2019 17:01:51.692

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo da historia os avances en materia de igualdade e recoñecemento de dereitos das mulleres foron impulsados pola presión social e a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo.

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha resposta histórica, sen precedentes, de milleiros mulleres galegas secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións que denunciaban as consecuencias do patriarcado nos ámbitos laboral, de consumo e dos coidados. As rúas recolleron a fartura de quen somos a metade do mundo e porén, mesmo nun momento de aparente aumento da capacidade orzamentaria e de intervención das administracións, continuamos a pagar as consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais e vitais da man do neoliberalismo e a partir das reformas laborais de PP e PSOE.

A defensa da igualdade en diferentes ámbitos, tamén no laboral, teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda por conquistar. A día de hoxe, malia os dereitos e medidas recollidos no abano legal, dista





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/02/2019 17:01:51

Nº Rexistro: 45708

Data envío: 07/02/2019 17:01:51.692

moito de ser adecuado o grao de cumprimento e desenvolvemento dun marco lexislativos aínda insuficiente.

Pasaron case tres lustros da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e máis dunha década da lei estatal 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Porén, o patriarcado e as súas consecuencias atravesan dunha forma insostíbel a vida das mulleres galegas sen ser unha prioridade na axenda dos gobernos.

Desde Galiza sufrimos a falta de interese por parte do goberno central para lexislar a prol da igualdade efectiva no ámbito de traballo e superar as contrarreformas laborais das décadas anteriores. A absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de emprego é un hándicap para a nosa capacidade de actuación e autogoberno, mais meirande hándicap é a actitude pasiva do goberno de Núñez Feijóo, que despois de afirmar “tomar nota” respecto das mobilizacións sociais de 2018 non apostou nin por rectificar as súas actuacións nin por cumprir o exíguo marco legal.

Por exemplo, malia ser ilegal, a fenda salarial continúa sendo unha realidade frecuente nas empresas. As traballadoras galegas cobran de media 5.479,74 euros menos que os homes, isto significa que o salario das mulleres é o 77% do dos homes. Ademais, desde o ano 2009, a fenda salarial entre homes e mulleres incrementou en Galiza en case 1.000 euros (992,26), un fortísimo incremento do 22,1%, catro veces máis intenso que o experimentado no conxunto do Estado, que foi do 5,3% e 294 euros.

A isto súmanse outros elementos impropios dunha sociedade que se considere avanzada e democrática, como a permanencia do coñecido como chan pegañento ou o teito de cristal, os impedimentos na conciliación ou a permisividade co acoso e as agresións sexuais na contorna laboral.



CSV REXISTRO-VMMvPismv-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:01:51
Nº Rexistro: 45708
Data envío: 07/02/2019 17:01:51.692

Cómpre, polo tanto, botar luz sobre o cumprimento do marco legal, as medidas a pór en marcha e a fiscalización de todo o referente á igualdade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a crear, no prazo de dous meses, un organismo público de Valedora da Igualdade para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade que aglutine cando menos as seguintes funcións:

1. Asesorar e defender os dereitos das mulleres no ámbito do traballo.
2. Mediación na resolución de conflitos.

3. Fomento da incorporación de cláusulas de igualdade na contratación e fiscalización do seu cumprimento. Para isto, deseñárase no prazo máximo de seis meses un protocolo específico para a incorporación na contratación pública que será de obrigado cumprimento, para o que se modificará a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico sobre contratación ecolóxica e socialmente responsable.

4. Recibir a remisión por parte das empresas, de acordo coas recomendacións da Comisión Europea en 2014, información sobre as táboas salariais do cadro de persoal por xénero, incluíndo salario total e complementos desagregados, co obxectivo de que esta información tamén poida ser utilizada polas traballadoras para denunciar xudicialmente a discriminación.



CSV REXISTRO-VMMvPismv-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/02/2019 17:01:51

Nº Rexistro: 45708

Data envío: 07/02/2019 17:01:51.692

5. Facer seguimento dos Plans de Igualdade da esfera privada e do sector público autonómico no proceso de redacción, execución e avaliación; asesoramento e defensa dos dereitos das mulleres no traballo.

6. Garantir a atención psicolóxica ás vítimas de discriminación e acoso laboral en canto a Xunta de Galiza non cumpra coa incorporación deste servizo no ámbito da Atención Primaria.

7. Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe anual sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

8. Colaborar co Parlamento galego e os axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



CSV REXISTRO-VMMvPismv-9

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 07/02/2019 17:01:51

Nº Rexistro: 45708

Data envío: 07/02/2019 17:01:51.692

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 16:57:41

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 16:57:47

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 16:57:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 16:57:51

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 16:57:52

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 16:57:53



CSV REXISTRO-VMMvPismv-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 46944(10/PNC-003780)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego, durante o ano 2019, dun plan integral de formación dos empregados públicos autonómicos en materia de prevención e control da corrupción

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Con data 16 de novembro de 2018 asinouse o Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 245 do 26 de decembro).

Recolle este protocolo na súa parte expositiva a necesidade de dar resposta institucional á crecente preocupación social pola corrupción, debéndose adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica, fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético, tanto no sector público como no privado.

Declara tamén o protocolo que as institucións asinantes son conscientes de que o fortalecemento da integridade no sector público autonómico e a observancia dos principios éticos e de bo goberno requiren dun plan específico de formación do persoal nos ámbitos da ética, a integridade e o control da corrupción.

Entre as áreas de actuación, o protocolo recolle a formación dos empregados públicos en materia de prevención da corrupción.

Non obstante, o Plan de formación para o ano 2019 que está a desenvolver a Escola Galega de Administración Pública para o conxunto de empregados públicos autonómicos (publicado no DOG núm. 243 do 21 de decembro de 2018) non recolle de forma integral un plan formativo específico en materia de prevención, loita e control da corrupción. Nin na formación en materias transversais, nin na prevista de forma departamental ou sectorial se habilita un mínimo itinerario formativo nesta sensible materia. Unicamente se pode observar un curso de formación sobre transparencia para 50 persoas e outro sobre ética para 25 incluído no apartado de organización do traballo.

Pero estas previsións están moi lonxe de configurar un verdadeiro plan integral de formación contra a corrupción para o conxunto do emprego público autonómico.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 13:52:34
Nº Rexistro: 46944
Data envío: 27/02/2019 13:52:34.755

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha durante este ano 2019 un plan integral de formación dos empregados públicos autonómicos en materia de prevención e control da corrupción.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2019 13:45:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2019 13:46:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2019 13:46:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2019 13:51:35



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es